7. Estatística e Probabilidade:
Selecciónanse 250 pacientes para estudar a eficacia dun novo medicamento. A 150 deles adminístraselles o medicamento, mentres que o resto son tratados cun placebo. Sabendo que se curaron o 80% dos que tomaron o medicamento, cal é a probabilidade de que, seleccionado un paciente ao azar, tomase o placebo ou non curase?

Solución:

Se $M =$ "tomar o medicamento" e $C =$ "curarse", tense a seguinte táboa de continxencia:

	$\boldsymbol{M}$	$\boldsymbol{\bar{M}}$	
$\boldsymbol{C}$	$150 \times \mathbf{0.8} = 120$		
$\boldsymbol{\bar{C}}$	30		
	$\mathbf{150}$	100	$\mathbf{250}$

A probabilidade pedida é $P(\bar{M} \cup \bar{C}) = \frac{100+30}{250} = \frac{130}{250} = \frac{13}{25} = 0.52$.

Solución alternativa:

Se $M =$ "tomar o medicamento" e $C =$ "curarse", sábese que $P(M) = \frac{150}{250} = \frac{3}{5}$ e que $P(C|M) = 0.8 = \frac{4}{5}$.
Sábese tamén que $P(C|M) = \frac{P(M \cap C)}{P(M)}$ e que, en virtude dunha das leis de De Morgan, $\bar{M} \cup \bar{C} = \overline{M \cap C}$. Así pois, a probabilidade pedida é

$$P(\bar{M} \cup \bar{C}) = P(\overline{M \cap C}) = 1 - P(M \cap C) = 1 - P(M)P(C|M) = 1 - \frac{3}{5} \cdot \frac{4}{5} = 1 - \frac{12}{25} = \frac{13}{25} = 0.52.$$

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

8. Estatística e Probabilidade:
Nunha cadea de montaxe, o tempo empregado para realizar un determinado traballo segue unha distribución normal de media 20 minutos e desviación típica 4 minutos. Calcule a probabilidade de que se faga ese traballo nun tempo comprendido entre 16 e 26 minutos**.**

Solución:

Sexa $X =$ “tempo, en minutos, empregado para realizar o traballo”.

$$X \longrightarrow N(20{,}4) \Longrightarrow Z = \frac{X-20}{4} \longrightarrow N(0{,}1).$$

Logo

$$P(16 \leq X \leq 26) = P\left(\frac{-4}{4} \leq Z \leq \frac{6}{4}\right) = P(-1 \leq Z \leq 1.5) = P(Z \leq 1.5) - P(Z \leq -1).$$

Como $P(Z \leq 1.5) \approx 0.9332$ e $P(Z \leq -1) = P(Z \geq 1) = 1 - P(Z \leq 1) \approx 1 - 0.8413 = 0.1587$, a probabilidade pedida é

$$P(16 \leq X \leq 26) \approx 0.9332 - 0.1587 = 0.7745.$$

Proba de Avaliación do Bacharelato
para o Acceso á Universidade
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
2020

Código: 20

MATEMÁTICAS II

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que pode responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corrixirán as 5 primeiras respondidas**.

1. Números e Álxebra:

Para a ecuación matricial $A^2X + AB = B$, pídese:

a) Despexar X supoñendo que A (e por tanto A^2) é invertible, e dicir cales serían as dimensións de X e de B se A tivese dimensión 4×4 e B tivese 3 columnas.

b) Resolvela no caso en que $A = \begin{pmatrix} 0 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 3 \end{pmatrix}$ e $B = \begin{pmatrix} 0 & 0 & 1 \\ 0 & -1 & 0 \\ 1 & 0 & -3 \end{pmatrix}$.

2. Números e Álxebra:

Discuta, segundo os valores do parámetro m, o seguinte sistema: $\begin{cases} (m+3)x & - & m^2y & = & 3m, \\ (m+3)x & + & my & = & 3m+6. \end{cases}$

3. Análise:

Determine os valores de a e b que fan que a función $f(x) = \begin{cases} \frac{a-\cos x}{x} & \text{se} \quad x < 0, \\ bx & \text{se} \quad x \geq 0 \end{cases}$ sexa, primeiro continua, e logo derivable.

4. Análise:

a) Calcule a área da rexión encerrada polo eixe X e a gráfica de $f(x) = \begin{cases} \frac{1}{3}x + 1 & \text{se} \quad x < 0, \\ (x-1)^2 & \text{se} \quad x \geq 0. \end{cases}$

b) Calcule $\int x\sqrt{x^2-1}\,dx$.

5. Xeometría:

Sexan r a recta de vector director $\vec{d}_r(1,0,3)$ que pasa por $P(1,0,0)$ e $\pi: -2x + y + z = 0$. Pídese a posición relativa de r e π. En caso de que se corten, achar o punto de corte.

6. Xeometría:

a) Calcule k sabendo que os vectores $\vec{u}(2,0,0)$, $\vec{v}(0,k,1)$ e $\vec{w}(2,2,2)$ son coplanarios.

b) Obteña a ecuación implícita do plano π que pasa por $P(1,0,0)$ e contén a $r: x - 1 = \frac{y}{-4} = \frac{z+1}{3}$.

7. Estatística e Probabilidade:

O 57% dos estudantes matriculados na Universidade de Cambridge son naturais do Reino Unido e, de entre todos eses, o 83% aproban con honores. Ademais, a porcentaxe global de aprobados con honores é do 80%. Calcular a probabilidade de que un estudante elixido ao azar non nacese no Reino Unido sabendo que aprobou con honores.

8. Estatística e Probabilidade:

a) Nunha determinada poboación de árbores, o 20% teñen máis de 30 anos. Se se elixen 40 árbores ao azar, calcule a probabilidade de que soamente 4 deles teñan máis de 30 anos. O número total de árbores é tan grande que se pode asumir elección con substitución.

b) Se X segue unha distribución normal de media 15 e $P(X \leq 18) = 0.6915$, cal é a desviación típica?

Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020
Código: 20

MATEMÁTICAS II

El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos, de las que puede responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 5 primeras respondidas**.

1. Números y Álgebra:
Para la ecuación matricial $A^2X + AB = B$, se pide:
a) Despejar X suponiendo que A (y por tanto A^2) es invertible, y decir cuáles serían las dimensiones de X y de B si A tuviera dimensión 4×4 y B tuviera 3 columnas.
b) Resolverla en el caso en que $A = \begin{pmatrix} 0 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 3 \end{pmatrix}$ y $B = \begin{pmatrix} 0 & 0 & 1 \\ 0 & -1 & 0 \\ 1 & 0 & -3 \end{pmatrix}$.

2. Números y Álgebra:
Discuta, según los valores del parámetro m, el siguiente sistema: $\begin{cases} (m+3)x & - & m^2y & = & 3m, \\ (m+3)x & + & my & = & 3m+6. \end{cases}$

3. Análisis:
Determine los valores de a y b que hacen que la función $f(x) = \begin{cases} \frac{a-\cos x}{x} & \text{si} \quad x < 0, \\ bx & \text{si} \quad x \geq 0 \end{cases}$ sea, primero continua, y luego derivable.

4. Análisis:
a) Calcule el área de la región encerrada por el eje X y la gráfica de $f(x) = \begin{cases} \frac{1}{3}x + 1 & \text{si} \quad x < 0, \\ (x-1)^2 & \text{si} \quad x \geq 0. \end{cases}$
b) Calcule $\int x\sqrt{x^2-1}\,dx$.

5. Geometría:
Sean r la recta de vector director $\vec{d}_r(1,0,3)$ que pasa por $P(1,0,0)$ y $\pi: -2x + y + z = 0$. Se pide la posición relativa de r y π. En caso de que se corten, hallar el punto de corte.

6. Geometría:
a) Calcule k sabiendo que los vectores $\vec{u}(2,0,0)$, $\vec{v}(0,k,1)$ y $\vec{w}(2,2,2)$ son coplanarios.
b) Obtenga la ecuación implícita del plano π que pasa por $P(1,0,0)$ y contiene a $r: x - 1 = \frac{y}{-4} = \frac{z+1}{3}$.

7. Estadística y Probabilidad:
El 57% de los estudiantes matriculados en la Universidad de Cambridge son naturales del Reino Unido y, de entre todos esos, el 83% aprueban con honores. Además, el porcentaje global de aprobados con honores es del 80%. Calcular la probabilidad de que un estudiante elegido al azar no haya nacido en el Reino Unido sabiendo que aprobó con honores.

8. Estadística y Probabilidad:
a) En una determinada población de árboles, el 20% tienen más de 30 años. Si se eligen 40 árboles al azar, calcule la probabilidad de que solamente 4 de ellos tengan más de 30 años. El número total de árboles es tan grande que se puede asumir elección con reemplazo.
b) Si X sigue una distribución normal de media 15 y $P(X \leq 18) = 0.6915$, ¿cuál es la desviación típica?

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA	**Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade** **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020**	**Código: 20**

MATEMÁTICAS II
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Só puntúan cinco das oito preguntas.

As puntuacións parciais que seguen están ligadas a un determinado xeito de resolver os exercicios, e pode haber outras formas correctas de solucionalos.

1. **Números e Álxebra** (2 puntos)
   a) 1 punto: 0.5 puntos por despexar X e 0.5 puntos polas dimensións.
   b) 1 punto: 0.5 puntos por cálculos previos e 0.5 puntos pola obtención de X aplicando a fórmula obtida no apartado anterior.

2. **Números e Álxebra** (2 puntos): 0.5 puntos por cada un dos catro casos que se presentan.

3. **Análise** (2 puntos): 1 punto pola continuidade e 1 punto pola derivabilidade.

4. **Análise** (2 puntos)
   a) 1 punto: 0.5 puntos pola formulación do problema e 0.5 puntos por chegar ao resultado.
   b) 1 punto.

5. **Xeometría** (2 puntos): 1 punto pola posición relativa e 1 punto polo punto de corte.

6. **Xeometría** (2 puntos)
   a) 1 punto.
   b) 1 punto: 0.5 puntos polos elementos que determinan o plano e 0.5 puntos pola ecuación.

7. **Estatística e Probabilidade** (2 puntos): 1 punto pola táboa de continxencia e 1 punto polo cálculo da probabilidade.

8. **Estatística e Probabilidade** (2 puntos)
   a) 1 punto.
   b) 1 punto: 0.5 puntos por chegar a $P\left(Z \leq \frac{3}{\sigma}\right) = 0.6915$ e 0.5 puntos pola determinación de σ.

Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020

Código: 20

MATEMÁTICAS II

EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

1. Números e Álxebra:

Para a ecuación matricial $A^2X + AB = B$, pídese:

a) Despexar X supoñendo que A (e por tanto A^2) é invertible, e dicir cales serían as dimensións de X e de B se A tivese dimensión 4×4 e B tivese 3 columnas.

b) Resolvela no caso en que $A = \begin{pmatrix} 0 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 3 \end{pmatrix}$ e $B = \begin{pmatrix} 0 & 0 & 1 \\ 0 & -1 & 0 \\ 1 & 0 & -3 \end{pmatrix}$.

Solución:

1.a) En primeiro lugar, despéxase X:

$$A^2X + AB = B \Leftrightarrow A^2X = B - AB \Leftrightarrow X = (A^2)^{-1}(B - AB).$$

É certo tamén que $X = (A^{-1})^2(B - AB)$, xa que $(A^2)^{-1} = (A^{-1})^2$.

Analízanse agora as dimensións: do esquema

$$\underbrace{A^2}_{4\times4}\underbrace{X}_{p\times q}+\underbrace{A}_{4\times4}\underbrace{B}_{r\times3}=\underbrace{B}_{r\times3}$$

dedúcese que $p = r = 4$ e que $q = 3$, conque X e B deben ter dimensión 4×3.

1.b)

- **Cálculo de $\left(A^2\right)^{-1}$**: $A^2 = \begin{pmatrix} 0 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 3 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} 0 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 3 \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 1 & 0 & -3 \\ 0 & 1 & 0 \\ -3 & 0 & 10 \end{pmatrix}$, $\det A^2 = 10 - 9 = 1$.

  Logo $(A^2)^{-1} = \begin{pmatrix} 10 & 0 & 3 \\ 0 & 1 & 0 \\ 3 & 0 & 1 \end{pmatrix}^T = \begin{pmatrix} 10 & 0 & 3 \\ 0 & 1 & 0 \\ 3 & 0 & 1 \end{pmatrix}$.

- **Cálculo de $B - AB$**: $AB = \begin{pmatrix} 0 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 3 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} 0 & 0 & 1 \\ 0 & -1 & 0 \\ 1 & 0 & -3 \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} -1 & 0 & 3 \\ 0 & -1 & 0 \\ 3 & 0 & -10 \end{pmatrix}$, de onde

$$B - AB = \begin{pmatrix} 0 & 0 & 1 \\ 0 & -1 & 0 \\ 1 & 0 & -3 \end{pmatrix} - \begin{pmatrix} -1 & 0 & 3 \\ 0 & -1 & 0 \\ 3 & 0 & -10 \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 1 & 0 & -2 \\ 0 & 0 & 0 \\ -2 & 0 & 7 \end{pmatrix}.$$

- **Cálculo de X**:

$$X = (A^2)^{-1}(B - AB) = \begin{pmatrix} 10 & 0 & 3 \\ 0 & 1 & 0 \\ 3 & 0 & 1 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} 1 & 0 & -2 \\ 0 & 0 & 0 \\ -2 & 0 & 7 \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 4 & 0 & 1 \\ 0 & 0 & 0 \\ 1 & 0 & 1 \end{pmatrix}.$$

MATEMÁTICAS II

EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

Solución alternativa a 1.b):

Dado que $B=-A$, tense $X=(A^2)^{-1}(B-AB)=(A^2)^{-1}(-A+A^2)=-A^{-1}+I$. Agora, como $\det A = \begin{vmatrix} 0 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 3 \end{vmatrix} = -1$, a inversa de A vén dada por $A^{-1} = -\begin{pmatrix} 3 & 0 & 1 \\ 0 & -1 & 0 \\ 1 & 0 & 0 \end{pmatrix}^T = \begin{pmatrix} -3 & 0 & -1 \\ 0 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 0 \end{pmatrix}$, e entón

$$X = -A^{-1} + I = \begin{pmatrix} 3 & 0 & 1 \\ 0 & -1 & 0 \\ 1 & 0 & 0 \end{pmatrix} + \begin{pmatrix} 1 & 0 & 0 \\ 0 & 1 & 0 \\ 0 & 0 & 1 \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 4 & 0 & 1 \\ 0 & 0 & 0 \\ 1 & 0 & 1 \end{pmatrix}.$$

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

2. Números e Álxebra:

Discuta, segundo os valores do parámetro m, o seguinte sistema: $\begin{cases}(m+3)x & - & m^2y & = & 3m, \\ (m+3)x & + & my & = & 3m+6.\end{cases}$

Solución:

A notación F_i indicará "fila i". Unha expresión do tipo $F_i + \alpha F_j$ (na que $\alpha \in \mathbb{R}$ e i é maior que j) quererá dicir que no seguinte paso vaise cambiar a fila i da matriz polo resultado da operación $F_i + \alpha F_j$.

$$\left(\begin{array}{cc|c} m+3 & -m^2 & 3m \\ m+3 & m & 3m+6 \end{array}\right) \xrightarrow{F_2 - F_1} \left(\begin{array}{cc|c} m+3 & -m^2 & 3m \\ 0 & m^2+m & 6 \end{array}\right).$$

Así pois, o sistema que temos que estudar equivale este outro:

$$\begin{cases}(m+3)x & - & m^2y & = & 3m, \\ & & (m^2+m)y & = & 6,\end{cases}$$

para o que, ao ser triangular, é doado facer a discusión. Hai que notar que $m^2 + m = m(m+1) = 0$ se, e só se, $m \in \{-1,0\}$ e que $m + 3 = 0$ se, e só se, $m = -3$. Conseguintemente:

- Se $m \in \mathbb{R} \setminus \{-3,-1,0\}$, entón o sistema é compatible determinado, xa que a súa única solución é
$$y = \frac{6}{m^2+m}, \quad x = \frac{3m + m^2y}{m+3}.$$
- Se $m = -3$, o sistema triangular redúcese a $\begin{cases}-9y & = & -9, \\ 6y & = & 6,\end{cases}$ e é por tanto compatible indeterminado (ten infinitas solucións), porque calquera par $\begin{cases}x = \lambda, \\ y = 1,\end{cases}$ con $\lambda \in \mathbb{R}$, é solución.
- Se $m \in \{-1,0\}$ o sistema é incompatible (non ten solución), porque a segunda ecuación queda $0 = 6$.

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

Solución alternativa:

Sexan $A=\begin{pmatrix} m+3 & -m^2 \\ m+3 & m \end{pmatrix}$ e $A^*=\left(\begin{array}{cc|c} m+3 & -m^2 & 3m \\ m+3 & m & 3m+6 \end{array}\right)$, respectivamente, a matriz do sistema e a matriz ampliada. Como $m+3$ e m non se anulan á vez, cúmprese que $1\le \operatorname{rank} A \le \operatorname{rank} A^* \le 2$ e tamén, conseguintemente, que $\operatorname{rank} A = 1$ se, e só se, $\det A = 0$. Dado que

$$\det A = \begin{vmatrix} m+3 & -m^2 \\ m+3 & m \end{vmatrix} = m^2+3m+m^3+3m^2 = m^3+4m^2+3m = m(m^2+4m+3) = 0 \Leftrightarrow m = 0 \text{ ou } m = \frac{-4\pm\sqrt{16-12}}{2} = \frac{-4\pm 2}{2} \Leftrightarrow m \in \{-3,-1,0\},$$

a discusión do sistema queda como segue:

- Caso $m\in\mathbb{R}\setminus\{-3,-1,0\}$: $\operatorname{rank} A = \operatorname{rank} A^* = 2 =$ n.º de incógnitas, polo que o sistema é compatible determinado (ten unha única solución).
- Caso $m=-3$: $\operatorname{rank} A = 1$ e $A^*=\left(\begin{array}{cc|c} 0 & -9 & -9 \\ 0 & -3 & -3 \end{array}\right)$, co cal tamén $\operatorname{rank} A^* = 1$. Ao ser $\operatorname{rank} A = \operatorname{rank} A^* = 1 <$ n.º de incógnitas, o sistema é compatible indeterminado (ten infinitas solucións).
- Caso $m=-1$: $\operatorname{rank} A = 1$ e $A^*=\left(\begin{array}{cc|c} 2 & -1 & -3 \\ 2 & -1 & 3 \end{array}\right)$. Como $\begin{vmatrix} 2 & -3 \\ 2 & 3 \end{vmatrix} = 12 \neq 0$, sábese que $\operatorname{rank} A^* = 2 > \operatorname{rank} A$, situación na que o sistema é incompatible (non ten solución).
- Caso $m=0$: $\operatorname{rank} A = 1$ e $A^*=\left(\begin{array}{cc|c} 3 & 0 & 0 \\ 3 & 0 & 6 \end{array}\right)$. Como $\begin{vmatrix} 3 & 0 \\ 3 & 6 \end{vmatrix} = 18 \neq 0$, sábese que $\operatorname{rank} A^* = 2 > \operatorname{rank} A$, situación na que, de novo, o sistema é incompatible (non ten solución).

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

3. Análise:

Determine os valores de a e b que fan que a función $f(x) = \begin{cases} \frac{a-\cos x}{x} & \text{se} \quad x < 0, \\ bx & \text{se} \quad x \geq 0 \end{cases}$ sexa, primeiro continua, e logo derivable.

Solución:

A función f é derivable, e por tanto continua, en $\mathbb{R} \setminus \{0\}$ para valores calquera de a e b; só hai que facer entón o estudo no punto $x = 0$. Debido a que $\lim\limits_{x\to 0^-} f(x) = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{a-\cos x}{x}$ non é finito cando $a \neq 1$, f non pode ser continua neses casos. Fixemos pois $a = 1$ e consideremos

$$f(x) = \begin{cases} \dfrac{1-\cos x}{x} & \text{se} \quad x < 0, \\ bx & \text{se} \quad x \geq 0. \end{cases}$$

- Continuidade: nótese que $f(0) = 0$, $\lim\limits_{x\to 0^-} f(x) = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{1-\cos x}{x} = \lim\limits_{x\to 0^-} \sin x = 0$ (onde se usou a regra de L'Hôpital), e, para calquera valor de $b \in \mathbb{R}$, $\lim\limits_{x\to 0^+} f(x) = \lim\limits_{x\to 0^+} bx = 0$. Por conseguinte, f é continua en $x = 0$ se, e soamente se, $(a, b) \in \{1\} \times \mathbb{R}$.
- Derivabilidade: séguese a asumir que $a = 1$, co cal f é continua (se non é continua, non pode ser derivable). Temos polo tanto que
$$f'(x) = \begin{cases} \dfrac{x\sin x - 1 + \cos x}{x^2} & \text{se} \quad x < 0, \\ b & \text{se} \quad x > 0. \end{cases}$$
Como f é continua, $\lim\limits_{x\to 0^-} f'(x) = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{x\sin x - 1 + \cos x}{x^2} = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{\sin x + x\cos x - \sin x}{2x} = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{\cos x}{2} = \frac{1}{2}$ (onde se usou a regra de L'Hôpital) e $\lim\limits_{x\to 0^+} f'(x) = \lim\limits_{x\to 0^+} b = b$, a función f é derivable en $x = 0$ se, e soamente se, $a = 1$ e $b = \frac{1}{2}$.

Solución alternativa para o estudo da derivabilidade (empregando a definición de derivada):

Sabemos que $f(x) = \begin{cases} \frac{1-\cos x}{x} & \text{se} \quad x < 0, \\ bx & \text{se} \quad x \geq 0. \end{cases}$ xa que a ten que valer 1. Agora, como $\lim\limits_{x\to 0^-} \frac{f(x)-f(0)}{x} = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{1-\cos x}{x^2} = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{\sin x}{2x} = \lim\limits_{x\to 0^-} \frac{\cos x}{2} = \frac{1}{2}$ (onde se usou dúas veces a regra de L'Hôpital) e $\lim\limits_{x\to 0^+} \frac{f(x)-f(0)}{x} = \lim\limits_{x\to 0^+} \frac{bx}{x} = b$, conclúese que a función f é derivable en $x = 0$ se, e soamente se, $a = 1$ e $b = \frac{1}{2}$.

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

4. Análise:

a) Calcule a área da rexión encerrada polo eixe X e a gráfica de $f(x) = \begin{cases} \frac{1}{3}x + 1 & \text{se} \quad x < 0, \\ (x-1)^2 & \text{se} \quad x \geq 0. \end{cases}$

b) Calcule $\int x\sqrt{x^2-1}\,dx$.

Solución:

4.a)



Tendo en conta que $y = \frac{x}{3} + 1$ é a recta que pasa por $(-3,0)$ e por $(0,1)$ e que $y = (x-1)^2$ é a parábola de vértice $(1,0)$ que pasa polos puntos $(0,1)$ e $(2,1)$, chégase ao debuxo da esquerda, onde está raiada a rexión cuxa área se pide.

Agora é claro que esa área virá dada por

$$A = \frac{3}{2} + \int_0^1 (x-1)^2 dx = \frac{3}{2} + \left[\frac{(x-1)^3}{3}\right]_0^1 = \frac{3}{2} + \frac{1}{3}$$
$$= \frac{9+2}{6} = \frac{11}{6}\ \mathrm{u}^2 = 1.8\overline{3}\ \mathrm{u}^2,$$

onde u indica "unidade de lonxitude".

4.b) Mediante o cambio de variable

$$z = x^2 - 1, \;\; dz = 2x\,dx,$$

obtense

$$\int x\sqrt{x^2-1}\,dx = \frac{1}{2}\int \sqrt{z}\,dz = \frac{1}{2}\frac{z^{3/2}}{3/2} + C = \frac{1}{2}\cdot\frac{2}{3}\sqrt{z^3} + C = \frac{1}{3}\sqrt{(x^2-1)^3} + C.$$

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

5. Xeometría:

Sexan r a recta de vector director $\vec{d}_r(1,0,3)$ que pasa por $P(1,0,0)$ e $\pi: -2x+y+z=0$. Pídese a posición relativa de r e π. En caso de que se corten, achar o punto de corte.

Solución:

O vector $\vec{n}_\pi(-2,1,1)$ é normal ao plano π. Como $\vec{d}_r \cdot \vec{n}_\pi = -2+3=1 \neq 0$, os vectores $\vec{d}_r$ e $\vec{n}_\pi$ non son perpendiculares, e polo tanto r e π córtanse nun punto.
As ecuacións paramétricas de r son

$$r: \begin{cases} x = 1+\lambda, \\ y = \quad 0, \quad \lambda \in \mathbb{R}. \\ z = \quad 3\lambda, \end{cases}$$

Substituíndo na ecuación do plano obtense o valor de λ que proporcionará o punto de corte:

$$-2(1+\lambda)+3\lambda = 0 \Leftrightarrow -2+\lambda = 0 \Leftrightarrow \lambda = 2.$$

Téñense así os valores seguintes:

$$x = 1+\lambda = 3,$$
$$y = 0,$$
$$z = 3\lambda = 6,$$

é dicir, r e π córtanse no punto $Q(3,0,6)$.

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

6. Xeometría:

a) Calcule k sabendo que os vectores $\vec{u}(2,0,0)$, $\vec{v}(0,k,1)$ e $\vec{w}(2,2,2)$ son coplanarios.

b) Obteña a ecuación implícita do plano π que pasa por $P(1,0,0)$ e contén a $r: x-1=\frac{y}{-4}=\frac{z+1}{3}$.

Solución:

6.a) Ao ser coplanarios, son linealmente dependentes, de xeito que o valor de k pode ser calculado como segue:

$$\begin{vmatrix} 2 & 0 & 0 \\ 0 & k & 1 \\ 2 & 2 & 2 \end{vmatrix} = 4k-4=0 \Leftrightarrow k=1.$$

6.b) $Q(1,0,-1) \in r$ e $\vec{d}_r(1,-4,3)$ é vector director de r. O plano π pasa por $P(1,0,0)$ e está xerado por $\vec{d}_r(1,-4,3)$ e $\overrightarrow{PQ}(0,0,-1)$, é dicir,

$$\pi: \begin{vmatrix} x-1 & y & z \\ 1 & -4 & 3 \\ 0 & 0 & -1 \end{vmatrix} = 0 \Leftrightarrow \pi: 4x-4+y=0 \Leftrightarrow \pi: 4x+y-4=0.$$

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

7. Estatística e Probabilidade:

O 57% dos estudantes matriculados na Universidade de Cambridge son naturais do Reino Unido e, de entre todos eses, o 83% aproban con honores. Ademais, a porcentaxe global de aprobados con honores é do 80%. Calcular a probabilidade de que un estudante elixido ao azar non nacese no Reino Unido sabendo que aprobou con honores.

Solución:

Se $RU =$ “ser natural do Reino Unido” e $AH =$ “aprobar con honores”, tense a seguinte táboa de continxencia:

	$\boldsymbol{AH}$	$\overline{\boldsymbol{AH}}$	
$\boldsymbol{RU}$	$57 \times \mathbf{0.83} = 47.31$		$100 \times \mathbf{0.57} = 57$
$\overline{\boldsymbol{RU}}$	32.69		
	$100 \times \mathbf{0.80} = 80$		$\mathbf{100}$

A probabilidade pedida é polo tanto $P(\overline{RU}|AH) = \frac{32.69}{80} = 0.408625$.

MATEMÁTICAS II
EXEMPLOS DE RESPOSTAS/SOLUCIÓNS

8. Estatística e Probabilidade:

a) Nunha determinada poboación de árbores, o 20% teñen máis de 30 anos. Se se elixen 40 árbores ao azar, calcule a probabilidade de que soamente 4 deles teñan máis de 30 anos. O número total de árbores é tan grande que se pode asumir elección con substitución.

b) Se X segue unha distribución normal de media 15 e $P(X \leq 18) = 0.6915$, cal é a desviación típica?

Solución:

Sexa $X =$ "número de árbores de máis de 30 anos, de entre os 40".

$$X \longrightarrow B(n,p), \quad \text{con } n = 40 \text{ e } p = 0.2.$$

Logo $q = 1 - p = 0.8$, co que a probabilidade pedida é

$$P(X=4) = \binom{40}{4} p^4 q^{36} = \frac{40 \cdot 39 \cdot 38 \cdot 37}{4 \cdot 3 \cdot 2 \cdot 1}(0.2)^4(0.8)^{36} = 10 \cdot 13 \cdot 19 \cdot 37 \cdot (0.2)^4(0.8)^{36}$$
$$= 91300 \cdot (0.2)^4(0.8)^{36} \approx 0.0475.$$

8.b)

$$X \longrightarrow N(15,\sigma) \Longrightarrow Z = \frac{X-15}{\sigma} \longrightarrow N(0,1).$$

Polo tanto,

$$P(X \leq 18) = 0.6915 \Leftrightarrow P\left(Z \leq \frac{18-15}{\sigma}\right) = 0.6915 \Leftrightarrow P\left(Z \leq \frac{3}{\sigma}\right) = 0.6915.$$

Indo agora á táboa da distribución $N(0,1)$, vese que $\frac{3}{\sigma} \approx 0.5$, de onde $\sigma \approx \frac{3}{0.5} = 6$.

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA	**Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade** **XUÑO 2019**	**Código: 20**

MATEMÁTICAS II

(O/A estudante debe responder soamente as preguntas dunha das opcións. A puntuación máxima por preguntas é a seguinte: 1.ª pregunta: **2 puntos**; 2.ª pregunta: **3 puntos**; 3.ª pregunta: **3 puntos**; 4.ª pregunta: **2 puntos**).

OPCIÓN A

1. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Supoñendo que A e X son matrices cadradas e que $A+I$ é invertible, despexa X na ecuación $A-X=AX$.

b) Se $A=\begin{pmatrix}0 & -1\\ 1 & 3\end{pmatrix}$, calcula X tal que $A-X=AX$.

2. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Mediante integración por partes, demostra que $\int \ln x\, dx = x(\ln x - 1)+C$. Logo, demostra a mesma igualdade mediante derivación.

b) Se $f(x)=\begin{cases}\ln x & \text{se} \quad x\in(0,\mathrm{e}],\\ ax+b & \text{se} \quad x\in(\mathrm{e},\infty),\end{cases}$ di que relación ten que existir entre os parámetros a e b para que f sexa continua e cales teñen que ser os seus valores para que f sexa derivable.

c) Calcula a área da rexión encerrada polo eixe X, a recta $x=4$ e a gráfica de $f(x)=\begin{cases}\ln x & \text{se} \quad x\in(0,\mathrm{e}],\\ \frac{x}{\mathrm{e}} & \text{se} \quad x\in(\mathrm{e},\infty).\end{cases}$

3. Pídese:

a) Calcular o ángulo do intervalo $[0°, 90°]$ que forman os vectores $\vec{u}\left(-\frac{1}{\sqrt{2}},\frac{1}{\sqrt{2}},0\right)$ e $\vec{v}\left(-\frac{1}{2},\frac{-1+\sqrt{2}}{2},\frac{1}{\sqrt[4]{2}}\right)$.

b) Obter a ecuación implícita do plano que pasa polo punto $P(1,-3,0)$ e é perpendicular á recta $\begin{cases}x - y + 2z = 1,\\ \quad\; y - z = 0.\end{cases}$

c) Calcular a distancia do punto $Q(1,1,1)$ ao plano $\pi: -x+y+z+4=0$ e o punto simétrico de Q respecto a π.

4. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) O 40% dos habitantes dunha certa comarca teñen camelias, o 35% teñen rosas e o 21% teñen camelias e rosas. Se se elixe ao azar a un habitante desa comarca, calcular as cinco probabilidades seguintes: de que teña camelias ou rosas; de que non teña nin camelias nin rosas; de que teña camelias, sabendo que ten rosas; de que teña rosas, sabendo que ten camelias; e de que soamente teña rosas ou soamente teña camelias.

b) Se nun auditorio hai 50 persoas, cal é a probabilidade de que polo menos 2 teñan nacido no mes de xaneiro?

OPCIÓN B

1. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Discute, segundo os valores do parámetro m, o seguinte sistema: $\begin{cases}2x - y + 3z = 0,\\ my + (3-m)z = -6,\\ 2x - y + mz = 6.\end{cases}$

b) Resólveo, se é posible, nos casos $m=0$ e $m=4$.

2. Considérese a función $f(x)=x^2\mathrm{e}^{-x}$. Pídese:

a) Calcular os límites $\lim_{x\to\infty} f(x)$ e $\lim_{x\to-\infty} f(x)$.

b) Determinar intervalos de crecemento e de decrecemento, extremos relativos e puntos de inflexión.

c) Calcular $\int f(x)dx$.

3. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Estuda a posición relativa dos planos $\pi_1: mx-y+2=0$ e $\pi_2: 2x+3y=0$ en función do parámetro m.

b) Obtén a ecuación implícita do plano que pasa polos puntos $A(0,0,0)$, $B(1,0,1)$ e $C(0,1,0)$.

c) Calcula o punto simétrico do punto $P(1,2,3)$ con respecto ao plano $\pi: -x+z=0$.

4. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Sexan A e B dous sucesos dun mesmo espazo mostral. Calcula $P(A)$ se $P(B)=0.8$, $P(A\cap B)=0.2$ e $P(A\cup B)$ é o triplo de $P(A)$.

b) Nun determinado lugar, a temperatura máxima durante o mes de xullo segue unha distribución normal de media 25℃ e desviación típica 4℃. Calcula a probabilidade de que a temperatura máxima dun certo día estea comprendida entre 21℃ e 27.2℃. En cantos días do mes se espera que a temperatura máxima permaneza dentro dese rango?

Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade **Código: 20**

XUÑO 2019

MATEMÁTICAS II

(El/La estudiante debe responder solamente las preguntas de una de las opciones. La puntuación máxima por preguntas es la siguiente: 1.ª pregunta: **2 puntos**; 2.ª pregunta: **3 puntos**; 3.ª pregunta: **3 puntos**; 4.ª pregunta: **2 puntos**).

OPCIÓN A

1. Da respuesta a los apartados siguientes:

a) Suponiendo que A y X son matrices cuadradas y que $A+I$ es invertible, despeja X en la ecuación $A-X=AX$.

b) Si $A=\begin{pmatrix}0 & -1\\ 1 & 3\end{pmatrix}$, calcula X tal que $A-X=AX$.

2. Da respuesta a los apartados siguientes:

a) Mediante integración por partes, demuestra que $\int \ln x\; dx = x(\ln x - 1)+C$. Luego, demuestra la misma igualdad mediante derivación.

b) Si $f(x)=\begin{cases}\ln x & \text{si} \quad x\in(0,\mathrm{e}],\\ ax+b & \text{si} \quad x\in(\mathrm{e},\infty),\end{cases}$ di qué relación tiene que existir entre los parámetros a y b para que f sea continua y cuáles tienen que ser sus valores para que f sea derivable.

c) Calcula el área de la región encerrada por el eje X, la recta $x=4$ y la gráfica de $f(x)=\begin{cases}\ln x & \text{si} \quad x\in(0,\mathrm{e}],\\ \frac{x}{\mathrm{e}} & \text{si} \quad x\in(\mathrm{e},\infty).\end{cases}$

3. Se pide:

a) Calcular el ángulo del intervalo $[0°, 90°]$ que forman los vectores $\vec{u}\left(-\frac{1}{\sqrt{2}},\frac{1}{\sqrt{2}},0\right)$ y $\vec{v}\left(-\frac{1}{2},\frac{-1+\sqrt{2}}{2},\frac{1}{\sqrt[4]{2}}\right)$.

b) Obtener la ecuación implícita del plano que pasa por el punto $P(1,-3,0)$ y es perpendicular a la recta $\begin{cases}x - y + 2z = 1,\\ \phantom{x -{}} y - z = 0.\end{cases}$

c) Calcular la distancia del punto $Q(1,1,1)$ al plano $\pi\colon -x+y+z+4=0$ y el punto simétrico de Q respecto a π.

4. Da respuesta a los apartados siguientes:

a) El 40% de los habitantes de una cierta comarca tienen camelias, el 35% tienen rosas y el 21% tienen camelias y rosas. Si se elige al azar a un habitante de esa comarca, calcular las cinco probabilidades siguientes: de que tenga camelias o rosas; de que no tenga ni camelias ni rosas; de que tenga camelias, sabiendo que tiene rosas; de que tenga rosas, sabiendo que tiene camelias; y de que solamente tenga rosas o solamente tenga camelias.

b) Si en un auditorio hay 50 personas, ¿cuál es la probabilidad de que por lo menos 2 hayan nacido en el mes de enero?

OPCIÓN B

1. Da respuesta a los apartados siguientes:

a) Discute, según los valores del parámetro m, el siguiente sistema: $\begin{cases}2x - y + 3z = 0,\\ my + (3-m)z = -6,\\ 2x - y + mz = 6.\end{cases}$

b) Resuélvelo, si es posible, en los casos $m=0$ y $m=4$.

2. Considérese la función $f(x)=x^2\mathrm{e}^{-x}$. Se pide:

a) Calcular los límites $\lim_{x\to\infty} f(x)$ y $\lim_{x\to-\infty} f(x)$.

b) Determinar intervalos de crecimiento y de decrecimiento, extremos relativos y puntos de inflexión.

c) Calcular $\int f(x)dx$.

3. Da respuesta a los apartados siguientes:

a) Estudia la posición relativa de los planos $\pi_1\colon mx-y+2=0$ y $\pi_2\colon 2x+3y=0$ en función del parámetro m.

b) Obtén la ecuación implícita del plano que pasa por los puntos $A(0,0,0)$, $B(1,0,1)$ y $C(0,1,0)$.

c) Calcula el punto simétrico del punto $P(1,2,3)$ con respecto al plano $\pi\colon -x+z=0$.

4. Da respuesta a los apartados siguientes:

a) Sean A y B dos sucesos de un mismo espacio muestral. Calcula $P(A)$ si $P(B)=0.8$, $P(A\cap B)=0.2$ y $P(A\cup B)$ es el triple de $P(A)$.

b) En un determinado lugar, la temperatura máxima durante el mes de julio sigue una distribución normal de media $25℃$ y desviación típica $4℃$. Calcula la probabilidad de que la temperatura máxima de un cierto día esté comprendida entre $21℃$ y $27.2℃$. ¿En cuántos días del mes se espera que la temperatura máxima permanezca dentro de ese rango?

ABAU

CONVOCATORIA DE XUÑO

Ano 2019

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS II

(Cód. 20)

OPCIÓN A

1) a) 1 punto.

b) 1 punto.

2) a) 1 punto.

- 0,5 puntos pola integración por partes.
- 0,5 puntos pola comprobación mediante derivación.

b) 1 punto.

- 0,5 puntos pola condición de continuidade.
- 0,5 puntos pola condición de derivabilidade.

c) 1 punto.

- 0,25 puntos pola xustificación dos límites de integración.
- 0,5 puntos pola escritura da área como suma de integrais e obtención das primitivas.
- 0,25 puntos polo uso da regra de Barrow.

3) a) 1 punto.

b) 1 punto.

c) 1 punto.

4) a) 1 punto.

b) 1 punto.

OPCIÓN B

1) a) 1.25 puntos.

   b) 0.75 puntos.

2) a) 1 punto.

   b) 1 punto.

   c) 1 punto.

3) a) 1 punto.

   b) 1 punto.

   c) 1 punto.

4) a) 1 punto.

   b) 1 punto.

ABAU

CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2019

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS II
(Cód. 20)

OPCIÓN A

1) a) 1 punto.

b) 1 punto.

2) a) 1 punto.

- 0,5 puntos pola integración por partes.
- 0,5 puntos pola comprobación mediante derivación.

b) 1 punto.

- 0,5 puntos pola condición de continuidade.
- 0,5 puntos pola condición de derivabilidade.

c) 1 punto.

- 0,25 puntos pola xustificación dos límites de integración.
- 0,5 puntos pola escritura da área como suma de integrais e obtención das primitivas.
- 0,25 puntos polo uso da regra de Barrow.

3) a) 1 punto.

b) 1 punto.

c) 1 punto.

4) a) 1 punto.

b) 1 punto.

OPCIÓN B

1) a) 1.25 puntos.

   b) 0.75 puntos.

2) a) 1 punto.

   b) 1 punto.

   c) 1 punto.

3) a) 1 punto.

   b) 1 punto.

   c) 1 punto.

4) a) 1 punto.

   b) 1 punto.

MATEMÁTICAS II

OPCIÓN A

1. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Supoñendo que A e X son matrices cadradas e que $A+I$ é invertible, despexa X na ecuación $A-X=AX$.

b) Se $A=\begin{pmatrix}0 & -1\\ 1 & 3\end{pmatrix}$, calcula X tal que $A-X=AX$.

Solución:

1.a) $A-X=AX \Leftrightarrow A=AX+X \Leftrightarrow A=(A+I)X \Leftrightarrow X=(A+I)^{-1}A.$

1.b) Claramente, $A+I=\begin{pmatrix}1 & -1\\ 1 & 4\end{pmatrix}$. Posto que $\det(A+I)=4+1=5$, tense

$$(A+I)^{-1}=\frac{1}{5}\begin{pmatrix}4 & -1\\ 1 & 1\end{pmatrix}^{\mathrm{T}}=\frac{1}{5}\begin{pmatrix}4 & 1\\ -1 & 1\end{pmatrix},$$

e polo tanto

$$X=(A+I)^{-1}A=\frac{1}{5}\begin{pmatrix}4 & 1\\ -1 & 1\end{pmatrix}\begin{pmatrix}0 & -1\\ 1 & 3\end{pmatrix}=\frac{1}{5}\begin{pmatrix}1 & -1\\ 1 & 4\end{pmatrix}.$$

Alternativa para 1.b): Desenvólvase a idea seguinte: calcular α,β,γ e δ tales que

$$\begin{pmatrix}0 & -1\\ 1 & 3\end{pmatrix}-\begin{pmatrix}\alpha & \beta\\ \gamma & \delta\end{pmatrix}=\begin{pmatrix}0 & -1\\ 1 & 3\end{pmatrix}\begin{pmatrix}\alpha & \beta\\ \gamma & \delta\end{pmatrix}.$$

2. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Mediante integración por partes, demostra que $\int \ln x\ dx = x(\ln x-1)+C$. Logo, demostra a mesma igualdade mediante derivación.

b) Se $f(x)=\begin{cases}\ln x & \text{se} \quad x\in(0,\mathrm{e}],\\ ax+b & \text{se} \quad x\in(\mathrm{e},\infty),\end{cases}$ di que relación ten que existir entre os parámetros a e b para que f sexa continua e cales teñen que ser os seus valores para que f sexa derivable.

c) Calcula a área da rexión encerrada polo eixe X, a recta $x=4$ e a gráfica de $f(x)=\begin{cases}\ln x & \text{se} \quad x\in(0,\mathrm{e}],\\ \frac{x}{\mathrm{e}} & \text{se} \quad x\in(\mathrm{e},\infty).\end{cases}$

Solución:

2.a) Empregando a fórmula de integración por partes con

$$u=\ln x,\quad du=\frac{1}{x}dx,$$
$$dv=dx,\quad v=x,$$

tense $\int \ln x\ dx=\int u\,dv=uv-\int v\,du=x\ln x-\int dx=x\ln x-x+C=x(\ln x-1)+C$.

Por outra banda,

$$(x(\ln x-1)+C)'=\big(x(\ln x-1)\big)'=\ln x-1+x\frac{1}{x}=\ln x.$$

MATEMÁTICAS II

2.b) Estúdanse a continuidade e a derivabilidade no único punto conflitivo, que é $x = \mathrm{e}$.

Continuidade:

$f(\mathrm{e}) = \ln \mathrm{e} = 1$, $\quad \lim_{x\uparrow \mathrm{e}} f(x) = \lim_{x\uparrow \mathrm{e}} \ln x = \ln \mathrm{e} = 1$, $\quad \lim_{x\downarrow \mathrm{e}} f(x) = \lim_{x\downarrow \mathrm{e}} (ax+b) = a\mathrm{e} + b$. En consecuencia, f é continua se, e soamente se, $a\mathrm{e} + b = 1$.

Derivabilidade:

Nótese en primeiro lugar que, para que f sexa derivable, a condición $a\mathrm{e} + b = 1$ tense que cumprir, xa que a continuidade é condición necesaria para a derivabilidade. Por outra banda, $f'(x) = \begin{cases} \frac{1}{x} & \text{se} \quad x \in (0, \mathrm{e}), \\ a & \text{se} \quad x \in (\mathrm{e}, \infty), \end{cases}$ de onde $\lim_{x\uparrow \mathrm{e}} f'(x) = \lim_{x\uparrow \mathrm{e}} \frac{1}{x} = \frac{1}{\mathrm{e}}$ e $\lim_{x\downarrow \mathrm{e}} f'(x) = \lim_{x\downarrow \mathrm{e}} a = a$.

Conclúese que f é derivable se, e soamente se, $a = \frac{1}{\mathrm{e}}$ e $b = 0$.

Alternativa para o estudo da derivabilidade: substitúase b por $1 - a\mathrm{e}$ na expresión de f (xa que non pode ser derivable se non é continua) e empréguese a definición de derivada. É dicir, compróbese para que valor ou valores de a os límites $\lim_{x\uparrow \mathrm{e}} \frac{f(x)-f(\mathrm{e})}{x-\mathrm{e}}$ e $\lim_{x\downarrow \mathrm{e}} \frac{f(x)-f(\mathrm{e})}{x-\mathrm{e}}$ existen e son iguais.

2.c)



De acordo coa figura, a área pedida é a seguinte (o adxectivo "encerrada" obríganos a considerar a rexión raiada):

$\boxed{\ln \mathrm{e} = 1, \ln 1 = 0}$

$A = \int_1^{\mathrm{e}} \ln x \, dx + \int_{\mathrm{e}}^{4} \frac{x}{\mathrm{e}} \, dx = [x(\ln x - 1)]_1^{\mathrm{e}} + \left[\frac{x^2}{2\mathrm{e}}\right]_{\mathrm{e}}^{4} = 1 + \frac{16}{2\mathrm{e}} - \frac{\mathrm{e}^2}{2\mathrm{e}} = 1 + \frac{8}{\mathrm{e}} - \frac{\mathrm{e}}{2} = \frac{2\mathrm{e}+16-\mathrm{e}^2}{2\mathrm{e}} \ \mathrm{u}^2 \approx 2.5839 \ \mathrm{u}^2$,

onde u indica "unidade de lonxitude".

3. Pídese:

a) Calcular o ángulo do intervalo $[0°, 90°]$ que forman os vectores $\vec{u}\left(-\frac{1}{\sqrt{2}}, \frac{1}{\sqrt{2}}, 0\right)$ e $\vec{v}\left(-\frac{1}{2}, \frac{-1+\sqrt{2}}{2}, \frac{1}{\sqrt[4]{2}}\right)$.

MATEMÁTICAS II

b) Obter a ecuación implícita do plano que pasa polo punto $P(1,-3,0)$ e é perpendicular á recta $\begin{cases} x - y + 2z = 1, \\ \quad\; y - z = 0. \end{cases}$

c) Calcular a distancia do punto $Q(1,1,1)$ ao plano $\pi: -x+y+z+4=0$ e o punto simétrico de Q respecto a π.

Solución:

3.a) Se $\cdot$ denota produto escalar de vectores, $|\ \ |$ valor absoluto e $\|\ \ \|$ norma euclidiana, sábese que o ángulo pedido α está determinado pola ecuación $\cos\alpha = \frac{|\vec{u}\cdot\vec{v}|}{\|\vec{u}\|\|\vec{v}\|}$, no sentido de que é o único ángulo α do intervalo [0°,90°] que satisfai esa igualdade.

Dado que

- $|\vec{u}\cdot\vec{v}| = \left|\frac{1}{2\sqrt{2}} + \frac{(-1+\sqrt{2})}{2\sqrt{2}}\right| = \left|\frac{\sqrt{2}}{2\sqrt{2}}\right| = \frac{\sqrt{2}}{2\sqrt{2}} = \frac{1}{2}$,
- $\|\vec{u}\| = \sqrt{\frac{1}{2}+\frac{1}{2}} = 1$ e
- $\|\vec{v}\| = \sqrt{\frac{1}{4} + \frac{(1-2\sqrt{2}+2)}{4} + \frac{1}{\sqrt{2}}} = \sqrt{\frac{1}{4} + \frac{(1-2\sqrt{2}+2)}{4} + \frac{\sqrt{2}}{2}} = \sqrt{\frac{1+1-2\sqrt{2}+2+2\sqrt{2}}{4}} = \sqrt{\frac{4}{4}} = 1$,

chégase a que $\cos\alpha = \frac{1}{2}$, de onde $\alpha = \arccos\left(\frac{1}{2}\right) = 60\,°$.

3.b) Chamemos π ao plano pedido e r á recta dada. Pódese obter un vector normal a π a partir de dous puntos de r: $R(1,0,0), S(0,1,1) \in r$, e en consecuencia $\vec{n}_\pi = \overrightarrow{RS} = \begin{pmatrix}0\\1\\1\end{pmatrix} - \begin{pmatrix}1\\0\\0\end{pmatrix} = \begin{pmatrix}-1\\1\\1\end{pmatrix}$ é normal a π. Alternativamente, pódese obter $\vec{n}_\pi$ do produto vectorial $\begin{pmatrix}1\\-1\\2\end{pmatrix} \times \begin{pmatrix}0\\1\\-1\end{pmatrix}$. Como π pasa por $P(1,-3,0)$, a súa ecuación é $\pi: -(x-1)+(y+3)+z=0$, e como $-(x-1)+(y+3)+z = -x+1+y+3+z = -x+y+z+4$, conclúese que a ecuación implícita de π é $\pi: -x+y+z+4=0$.

3.c) $\mathrm{d}(Q,\pi) = \frac{|-1+1+1+4|}{\sqrt{(-1)^2+1^2+1^2}} = \frac{5}{\sqrt{3}} = \frac{5\sqrt{3}}{3} \approx 2.8868$. Pasemos á obtención do punto simétrico.



A recta r que pasa por $Q(1,1,1)$ e é perpendicular a $\pi: -x+y+z+4=0$ vén dada por

$$r: \begin{cases} x = 1-\lambda, \\ y = 1+\lambda, \\ z = 1+\lambda, \end{cases} \quad \lambda \in \mathbb{R}.$$

<u>Cálculo de $Q^* = r \cap \pi$</u>:

$$-(1-\lambda)+1+\lambda+1+\lambda+4$$
$$= -1+\lambda+1+\lambda+1+\lambda+4$$
$$= 3\lambda+5 = 0 \Leftrightarrow \lambda = -\frac{5}{3},$$

de onde $Q^*(x,y,z)$ con $x = 1+\frac{5}{3} = \frac{8}{3}$ e $y = z = 1-\frac{5}{3} = -\frac{2}{3}$, é dicir, $Q^*\left(\frac{8}{3}, -\frac{2}{3}, -\frac{2}{3}\right)$.

MATEMÁTICAS II

Cálculo de $Q'(x', y', z')$, punto simétrico pedido:

$$\frac{1+x'}{2}=\frac{8}{3} \Leftrightarrow 3+3x'=16 \Leftrightarrow 3x'=13 \Leftrightarrow x'=\frac{13}{3},$$

$$\frac{1+y'}{2}=-\frac{2}{3} \Leftrightarrow 3+3y'=-4 \Leftrightarrow 3y'=-7 \Leftrightarrow y'=-\frac{7}{3},$$

$$z'=y'.$$

En definitiva, $Q'\left(\frac{13}{3}, -\frac{7}{3}, -\frac{7}{3}\right)$.

4. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) O 40% dos habitantes dunha certa comarca teñen camelias, o 35% teñen rosas e o 21% teñen camelias e rosas. Se se elixe ao azar a un habitante desa comarca, calcular as cinco probabilidades seguintes: de que teña camelias ou rosas; de que non teña nin camelias nin rosas; de que teña camelias, sabendo que ten rosas; de que teña rosas, sabendo que ten camelias; e de que soamente teña rosas ou soamente teña camelias.

b) Se nun auditorio hai 50 persoas, cal é a probabilidade de que polo menos 2 teñan nacido no mes de xaneiro?

Solución:

4.a) Damos nomes aos sucesos: $R =$ “ter rosas” e $C =$ “ter camelias”.

Sabemos que $P(C) = 0.4$, $P(R) = 0.35$ e $P(C \cap R) = 0.21$. As probabilidades pedidas son, por orde, as seguintes:

- $P(C \cup R) = P(C) + P(R) - P(C \cap R) = 0.4 + 0.35 - 0.21 = 0.54$.
- En virtude dunha das leis de De Morgan, $\bar{C} \cap \bar{R} = \overline{C \cup R}$. Consecuentemente, $P(\bar{C} \cap \bar{R}) = P(\overline{C \cup R}) = 1 - P(C \cup R) = 1 - 0.54 = 0.46$.
- $P(C|R) = \frac{P(C \cap R)}{P(R)} = \frac{0.21}{0.35} = 0.6$.
- $P(R|C) = \frac{P(C \cap R)}{P(C)} = \frac{0.21}{0.4} = 0.525$.
- $P\big((R \cap \bar{C}) \cup (C \cap \bar{R})\big) = P(R \cap \bar{C}) + P(C \cap \bar{R})$, xa que os sucesos $R \cap \bar{C}$ e $C \cap \bar{R}$ son incompatibles. De $P(R) = P(R \cap C) + P(R \cap \bar{C})$ dedúcese que $P(R \cap \bar{C}) = 0.35 - 0.21 = 0.14$, e de $P(C) = P(C \cap R) + P(C \cap \bar{R})$ que $P(C \cap \bar{R}) = 0.4 - 0.21 = 0.19$. Por último, $P\big((R \cap \bar{C}) \cup (C \cap \bar{R})\big) = 0.14 + 0.19 = 0.33$.

Alternativa para o cálculo de $P\big((R \cap \bar{C}) \cup (C \cap \bar{R})\big)$ (ver debuxo):

$P\big((R \cap \bar{C}) \cup (C \cap \bar{R})\big) = P(R \cup C) - P(R \cap C) = 0.54 - 0.21 = 0.33$.



4.b) $X =$ “n.º de persoas nacidas no mes de xaneiro, de entre as 50”.

$X \to B\left(50, \frac{1}{12}\right)$, é dicir, X segue unha distribución binomial de parámetros $n = 50$ e $p = \frac{1}{12} = 0.08\bar{3}$; logo $q = 1 - p = \frac{11}{12} = 0.91\bar{6}$. Pídese $P(X \geq 2)$.

$$P(X \geq 2) = 1 - P(X < 2) = 1 - \{P(X = 0) + P(X = 1)\}.$$

OPCIÓN A

EXEMPLOS DE RESPOSTAS / SOLUCIÓNS

MATEMÁTICAS II

Posto que $P(X=0)=\binom{50}{0}p^0q^{50}=\left(\frac{11}{12}\right)^{50}\approx 0.0129$ e $P(X=1)=\binom{50}{1}p^1q^{49}=50\frac{1}{12}\left(\frac{11}{12}\right)^{49}\approx 0.0586$, téñense sucesivamente $P(X=0)+P(X=1)\approx 0.0129+0.0586=0.0715$ e $P(X\geq 2)\approx 1-0.0715=0.9285$.

Nota: se se toma $p=\frac{31}{365}\approx 0.0849$, obtense $P(X\geq 2)\approx 0.9333$.

MATEMÁTICAS II

OPCIÓN B

1. Dá resposta aos apartados seguintes:

a) Discute, segundo os valores do parámetro m, o seguinte sistema:

$$\begin{cases} 2x & - & y & + & 3z & = & 0, \\ & & my & + & (3-m)z & = & -6, \\ 2x & - & y & + & mz & = & 6. \end{cases}$$

b) Resólveo, se é posible, nos casos $m = 0$ e $m = 4$.

Solución:

1.a)

$$\left(\begin{array}{ccc|c} 2 & -1 & 3 & 0 \\ 0 & m & 3-m & -6 \\ 2 & -1 & m & 6 \end{array}\right) \xrightarrow{F_3 \to F_3 - F_1} \left(\begin{array}{ccc|c} 2 & -1 & 3 & 0 \\ 0 & m & 3-m & -6 \\ 0 & 0 & m-3 & 6 \end{array}\right),$$ polo que o sistema dado equivale ao que escribimos a continuación, que ten a vantaxe de ser triangular:

$$\begin{cases} 2x & - & y & + & 3z & = & 0, \\ & & my & + & (3-m)z & = & -6, \\ & & & & (m-3)z & = & 6. \end{cases}$$

De ser compatible, este sistema pode ser resolto de abaixo arriba, empezando polo cálculo de z, seguindo co de y e terminando co de x. Sempre que $m \neq 3$, téñense que $z = \frac{6}{m-3}$ e que a segunda ecuación queda reducida á igualdade $my = 0$, de onde se infire á súa vez que $y = 0$ cando, ademais de ser $m \neq 3$, é $m \neq 0$. Resulta agora clara a discusión que segue:

- Caso $m \in \mathbb{R} \setminus \{0,3\}$: o sistema é compatible determinado (ten unha única solución). A solución é a seguinte: $z = \frac{6}{m-3}$, $y = 0$, $x = -\frac{3z}{2}$.
- Caso $m = 3$: o sistema é incompatible (non ten solución), porque a terceira ecuación do sistema triangular queda $0 = 6$.
- Caso $m = 0$: o sistema triangular é

$$\begin{cases} 2x & - & y & + & 3z & = & 0, \\ & & & & 3z & = & -6, \\ & & & & -3z & = & 6, \end{cases}$$

de onde $z = -2$, $y = \lambda \in \mathbb{R}$, e $x = \frac{\lambda+6}{2}$. É dicir, o sistema é compatible indeterminado (ten infinitas solucións).

Alternativa para 1.a): Sexan $A = \begin{pmatrix} 2 & -1 & 3 \\ 0 & m & 3-m \\ 2 & -1 & m \end{pmatrix}$ e $A^* = \left(\begin{array}{ccc|c} 2 & -1 & 3 & 0 \\ 0 & m & 3-m & -6 \\ 2 & -1 & m & 6 \end{array}\right)$, respectivamente, a matriz do sistema e a matriz ampliada. Como $\begin{vmatrix} 2 & -1 \\ 0 & m \end{vmatrix} = 2m$ e $\begin{vmatrix} -1 & 3 \\ -1 & m \end{vmatrix} = -m+3$ non se anulan á vez, $2 \le \operatorname{rank} A \le \operatorname{rank} A^* \le 3$.

$$\det A = \begin{vmatrix} 2 & -1 & 3 \\ 0 & m & 3-m \\ 2 & -1 & m \end{vmatrix} = 2m^2 - 2(3-m) - 6m + 2(3-m) = 2m^2 - 6m = 2m(m-3),$$

e polo tanto $\det A = 0$ se, e só se, $m \in \{0,3\}$. Consecuentemente, a discusión é a seguinte:

- Caso $m \in \mathbb{R} \setminus \{0,3\}$: o sistema é compatible determinado (ten unha única solución), xa que $\operatorname{rank} A = \operatorname{rank} A^* = 3 =$ n.º de incógnitas.
- Caso $m = 0$: $\operatorname{rank} A = 2$ e $A^* = \left(\begin{array}{ccc|c} 2 & -1 & 3 & 0 \\ 0 & 0 & 3 & -6 \\ 2 & -1 & 0 & 6 \end{array}\right)$. Como $\begin{vmatrix} 2 & 3 & 0 \\ 0 & 3 & -6 \\ 2 & 0 & 6 \end{vmatrix} = 36 - 36 = 0$, tense $\operatorname{rank} A = \operatorname{rank} A^* = 2 <$ n.º de incógnitas, e polo tanto o sistema é compatible indeterminado (ten infinitas solucións).
- Caso $m = 3$: $\operatorname{rank} A = 2$ e $A^* = \left(\begin{array}{ccc|c} 2 & -1 & 3 & 0 \\ 0 & 3 & 0 & -6 \\ 2 & -1 & 3 & 6 \end{array}\right)$. Como $\begin{vmatrix} 2 & -1 & 0 \\ 0 & 3 & -6 \\ 2 & -1 & 6 \end{vmatrix} = 36 + 12 - 12 = 36 \neq 0$, tense $\operatorname{rank} A = 2 < \operatorname{rank} A^* = 3$, e polo tanto o sistema é incompatible (non ten solución).

1.b) Se $m = 0$, as infinitas solucións son $\begin{cases} x = \frac{\lambda+6}{2}, \\ y = \lambda, \\ z = -2, \end{cases}$ $\lambda \in \mathbb{R}$. (Ver apartado 1.a).)

Se $m = 4$, a solución é $z = \frac{6}{m-3} = 6$, $y = 0$ e $x = -\frac{3z}{2} = -\frac{18}{2} = -9$. (Ver apartado 1.a).)

Nota: se se opta pola solución que arriba chamamos alternativa para responder ao apartado 1.a), a solución do apartado 1.b) pasa por escribir o sistema orixinal nos casos particulares $m = 0$ e $m = 4$ e resolver cada un deles mediante un método calquera.

2. Considérese a función $f(x) = x^2 e^{-x}$. Pídese:

a) Calcular os límites $\lim_{x\to\infty} f(x)$ e $\lim_{x\to-\infty} f(x)$.

b) Determinar intervalos de crecemento e de decrecemento, extremos relativos e puntos de inflexión.

c) Calcular $\int f(x)dx$.

Solución:

$\boxed{\infty \cdot 0 \text{ (indeterminación)}}$ $\boxed{\text{IND. } \frac{\infty}{\infty}, \text{ L'Hôpital}}$ $\boxed{\text{IND. } \frac{\infty}{\infty}, \text{ L'Hôpital}}$

2.a) $\lim_{x\to\infty} f(x) = \lim_{x\to\infty} x^2 e^{-x} = \lim_{x\to\infty} \frac{x^2}{e^x} = \lim_{x\to\infty} \frac{2x}{e^x} = \lim_{x\to\infty} \frac{2}{e^x} = 0$. Falando con rigor, a regra de L'Hôpital dinos que $\lim_{x\to\infty} f(x)$ existe e vale 0 porque $\lim_{x\to\infty} \frac{2}{e^x}$ existe e vale 0.

No segundo límite non hai indeterminación: $\lim_{x\to-\infty} f(x) = \lim_{x\to-\infty} x^2 e^{-x} = \infty \cdot \infty = \infty$.

2.b) $\operatorname{Dom} f = \mathbb{R}$. A derivada $f'(x) = 2xe^{-x} - x^2e^{-x} = xe^{-x}(2 - x)$ ten o signo de $x(2 - x)$, xa que e^{-x} é sempre positivo. Logo f decrece estritamente en $(-\infty, 0)$, crece estritamente en $(0,2)$ e decrece estritamente en $(2, \infty)$.

SIGNO DE f'.

Ao ser f continua, ten un mínimo relativo estrito en $x = 0$ e un máximo relativo estrito en $x = 2$. Non ten outros extremos.

MATEMÁTICAS II

Pasamos agora ao estudo das posibles inflexións. $f'(x) = (2x - x^2)\mathrm{e}^{-x}$, de onde $f''(x) = (2-2x)\mathrm{e}^{-x} - (2x - x^2)\mathrm{e}^{-x} = (2 - 2x - 2x + x^2)\mathrm{e}^{-x} = (x^2 - 4x + 2)\mathrm{e}^{-x}$. Polo tanto, f'' ten o signo de $x^2 - 4x + 2$, cuxas raíces son

$$x = \frac{4 \pm \sqrt{16-8}}{2} = \frac{4 \pm \sqrt{8}}{2} = \frac{4 \pm 2\sqrt{2}}{2} = 2 \pm \sqrt{2}.$$

Agora podemos marcar no debuxo seguinte o signo de f'':

SIGNO DE f''.

